

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016942	CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

A área de Ciencias da Natureza é fundamental xa que lle permite coñecer o seu medio, así como o seu propio corpo. Para o deseño desta programación didáctica, destinada ao segundo curso da educación primaria, terei en conta o establecido no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria.

Nesta materia, a de Ciencias da Natureza, trataremos o corpo e os seus compoñentes, os hábitos de vida saudables, os animais e as súas características, as plantas e as súas características, así como a materia, a enerxía e aspectos relacionados coa tecnoloxía. Trataremos os aspectos de forma práctica, e empregaremos o libro de texto como apoio. Levaremos á práctica experimentos e experiencias coas que poder asentar os conceptos de forma máis atractiva para o alumnado.

Tamén se atenderá á diversidade do alumnado.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mira como es!	Trataranse os seguintes aspectos: - As partes do corpo. - Os principais órganos, músculos e ósos. - O aparato respiratorio. - O aparato dixestivo. - O aparato circulatorio. - O aparato excretor. - O aparato locomotor. - Os nervios, cerebro e sentidos. - As etapas da vida.	16	15	X		
2	Imos coidarnos!	Trataranse os seguintes aspectos: - A saúde e hábitos saudables. - Os alimentos e a alimentación diaria. - A hixiene. - O exercicio físico e o descanso. - O tratamento das emocións.	16	14	X		
3	Impórtanme os animais!	Trataranse os seguintes aspectos: - Os seres vivos: tipos, etc. - Os tipos de animais. - Os mamíferos. - As aves. - Os réptiles. - Os anfibios. - Os peixes. - Os invertebrados. - Respecto polos animais.	20	11		X	
4	Quero coidar a natureza!	Trataranse os seguintes aspectos: - Partes das plantas. - Tipos de plantas. - Alimentación das plantas. - Características das plantas (estacións e nacemento). - Seres vivos e inertes. - Interacción do ser humano coa natureza.	16	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Quero coidar a natureza!	- Coidado da natureza.	16	10		X	
5	Por un planeta máis limpo!	Trataranse os seguintes aspectos: - Concepto de materia: masa e volume. - Características do materiais. - Tipos de mesturas. - Cambios de estado. - Cambios na materia. - A enerxía. - Fontes renovables e non renovables. - O coidado do planeta.	16	10			X
6	Pensa en tecnoloxía!	Trataranse os seguintes aspectos: - Aplicacións da tecnoloxía. - As TICs. - Os proxectos. - As máquinas compostas e simples. - A programación.	16	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Mira como es!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer os principais aparellos e sistemas do corpo (dixestivo, circulatorio, etc), así como os 5 sentidos.	PE	20
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o aprendido e investigado de forma oral e escrita. Realizar o traballo diario relativo ao corpo e os seus compoñentes, e dicir, os principais aparellos, músculos e ósos, etapas vitais e sentidos.	TI	80

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida.</li> <li>- Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos.</li> <li>- Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Imos coidarnos!	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experiencias, e rexistralas, relativas aos hábitos saudables e de hixiene.	PE	20
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer os principais hábitos de vida saúdale, poñelos en práctica e mostrar o traballo realizado (alimentación, descanso, hixiene, etc). Realizar o traballo proposto. Especial atención ao traballo diario.	TI	80
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñecer as emocións propias e dos demais. Mostrar o traballo realizado. Realizar o traballo proposto. Especial atención ao traballo diario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Impórtanme os animais!	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar os seres vivos, así como os diferentes tipos de animais tratados (mamíferos, aves, anfibios, peixes e réptiles).	PE	20
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Idagar e recoñecer as características, organización e clasificación dos animais, así como a súa relación co medio. Os seres vivos. Realizar o traballo diario proposto.	TI	80
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Respectar e coidar os animais e o medio. Realizar o traballo proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades.</li> <li>- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.</li> <li>- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Quero coidar a natureza!	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar os tipos de plantas e o seu proceso vital	PE	20
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Indagar, recoñecer e facerse preguntas sobre as características, organización e tipos de plantas. Atención ó traballo realizado.	TI	80
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Respectar e coidar as plantas e o medio. Atención ó traballo realizado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>

### Contidos

- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo.
- Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga.

UD	Título da UD	Duración
5	Por un planeta máis limpo!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer a masa e o volume, así como os cambios de estado.	PE	20
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Recoñecer as características da luz e do son. Realizar o traballo proposto.	TI	80
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Participar en experiencias relacionadas coas forzas, así como a materia e a enerxía. Realizar o traballo proposto.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostrar hábitos de vida sustentable e respecto e protección do planeta. Realizar o traballo proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Identificación da materia e das súas propiedades.
- Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.
- As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación.
- A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.



Contidos
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.

UD	Título da UD	Duración
6	Pensa en tecnoloxía!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Empregar recursos dixitais de forma axeitada. Realizar o traballo proposto.	TI	100
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un flipbook sobre as TICs.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Mostrar e presentar o produto final (flipbook) obtido.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Coñecer o concepto de programación. Realizar o traballo proposto.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar cooperativamente de forma axeitada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe</li> <li>- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.</li> <li>- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.</li> <li>- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional</li> <li>- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.</li> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía potenciará a conexión dos contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Será fundamental a aprendizaxe cooperativa como base da miña metodoloxía, favorecendo o desenvolvemento de capacidades a través dos roles, do traballo en equipo, da autoavaliación, responsabilidades, etcétera.

Relacionarei aspectos da área co proxecto a realizar a nivel centro, relacionado coa promoción do deporte entre o alumnado.

Todo isto desenvolverase ao longo de 6 unidades didácticas. Nelas traballaranse aspectos como o corpo humano, o fomento de hábitos saudables, os animais e as súas características, as plantas poñendo en marcha unha horta escolar, a enerxía ea materia, así como a tecnoloxía e as máquinas simples e complexas.

-Partirei dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais. Tamen se empregará o encerado dixital.

-Utilizarei unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizarei prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

- Aproveitaranse os recursos que nos da e proporciona a contorna do centro.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina, material de laboratorio, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, robots educativos e encerados dixitais.

**RECURSOS DIXITAIS:** enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a realización da avaliación inicial, porei en práctica, ao longo das primeiras semanas, varios xogos de preguntas sobre os contidos recollidos en bloques anteriores, para coñecer o nivel de coñecementos do alumnado e así poder partir destes como base para a adquisición dos novos. Tamén se realizarán fichas ou traballo con imaxes onde se traten aspectos como o corpo humano e os boas hábitos, sobre os animais, as plantas, a materia e a tecnoloxía.

Para iso, sairemos ao patio a observar as principais plantas e árbores que se atopen, observaremos e traballaremos con tarxetas de animais para clasificalos segundo as súas especies e mesmo traballaremos de forma sinxela co encerado dixital.

Pasaouse unha proba de avaliación, proporcionada polo Departamento de orientación, destinada principalmente á avaliación da competencia matemática e lingüística.

Finalmente, tamén terei en conta a información proporcionada pola mestra do curso anterior, así como polas familias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>20</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	20	20	20	20	0	<b>17</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	80	80	80	80	100	<b>83</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será continua e global, polo que este se realizará de forma recorrente. Neste caso, deberemos ter en conta os seguintes criterios de calificación que serán os que se teñan como referencia á hora de valorar ao alumnado:

- Proba escrita (20%): esta realizarase de forma individual, e o obxectivo será que o alumnado poida reflectir os coñecementos adquiridos. Será presentado como unha ficha de traballo máis. Na última unidade, a proba escrita non existirá, o 100% da nota dependerá das táboas de indicadores.

- Traballo diario, caderno e traballos específicos (Táboas de indicadores) (80%): a maior parte da nota, irá dirixida ao traballo diario relaizado, tanto en experiencias como nos libros e cadernos. Tamén terei en conta os traballos específicos que se fagan, como experiencias, investigacións e experimentos. Os porcentaxes de cada un deste puntos poderá variar dunha unidade didáctica a outra, por este motivo os inclúo todos no mesmo criterio de cualificación, xa que forman parte do traballo diario. Neste apartado avaliaranse o resto de criterios de avaliación, a través neste caso, do traballo diario. Para valorar todo isto, empregaranse as táboas de indicadores. Como instrumentos empregarei rúbricas ou listas de control, entre outros.

Para a avaliación de cada unidade, teranse en conta os porcentaxes establecidos para cada criterio de avaliación, e indicados para cada unidade didáctica no apartado 3.3. Para o cálculo da cualificación final, teranse en conta as porcentaxes fixados para cada unidade didáctica.

Tamén terei en conta en todo momento o Decreto 155/2022, de 15 de setembro polo que se establece o currículo de primaria, así como a orde do 26 de maio de 2023, que desenvolve o dito Decreto.

### Criterios de recuperación:

Cando un neno ou nena non adquira os coñecementos necesarios na área, terei en conta os seguintes criterios de recuperación:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.

- Se os contidos a recuperar son recorrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de

traballo.

- Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación pretendo atender ás necesidades do alumnado co obxectivo de favorecer o desenvolvemento das súas capacidades. Cada alumno e alumna é único manifestando a través de diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades, emocións, etcétera. Por iso aplicarei todas as medidas necesarias para levar isto a cabo.

Para atender as necesidades do grupo (2º curso de Educación Primaria), terei en conta o establecido na orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro.

En canto ás medidas de atención á diversidade que terei en conta á hora de levar a cabo esta programación, destacan por un lado as ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Entre as medidas ordinarias, destacar a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Tamén se adecuará a organización da aula e do centro ao alumnado. Estableceranse metodoloxías, como o aprendizaxe cooperativo que promovan a inclusión, e de ser o caso, programas de habilidades sociais, se son necesarias.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias que se poderán levar a cabo, destacan: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Terei en conta os protocolos educativos para atender ao noso alumnado, que foron publicados pola xunta.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas de organizacións, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións e servizos externos para atender dunha maneira coordinada as necesidades que se presentan. Por último, a planificación desta programación non é rixida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual						X
ET.3 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.						X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes, evitando os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais están relacionados na maioría dos casos coa maioría de todas as unidades. Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas ao entorno do centro (patio).	Sairemos ao patio a observar a natureza (animais e plantas que poida haber). Tamén crearemos unha horta.	X	X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obras teatrais	Visitaranos ao longo do curso unha compañía teatral.		X	
Escola e deporte	Trataremos os hábitos saudables, ao estar o noso PDI relacionado con esta temática.	X	X	X

**Observacións:**

Realizaremos poucas saídas xa que debido á localización do centro, precisamos de bus para poder movernos en todo momento. Pode que haxa saídas que xurdan ao longo do curso.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
Instrucións e orientacións para o traballo do alumnado.
Uso de diversos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
Actividades variadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Seguimento (do proceso de E-A).
Medidas de atención á diversidade
Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual e física do meu alumnado.
Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas ao alumnado.
Clima de traballo na aula
Organización da aula (tempo e agrupamentos).
Clima de traballo favorecedor para o respecto e colaboración entre o alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co profesorado do meu grupo e do centro.
Participación na comunidade educativa, nas tarefas que se requeriu.
Colaboración coas familias.

**Descrición:**

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, terei en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permitiranme coñecer información axeitada da miña labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento desta programación realizarase de forma permanente, ao igual que a avaliación. En canto ás propostas de mellora, estas realizaranse a partir dos resultados da avaliación desta programación.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016942	CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

A área de Ciencias Sociais é fundamental para que o alumnado coñeza como funciona a nosa sociedade na actualidade, pero tamén no pasado. Esta programación Didáctica está destinada ao alumnado de segundo curso da Educación Primaria, e está deseñada tendo en conta o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria.

Nesta materia trataremos os aspectos recollidos no currículo para esta área de Ciencias Sociais, entre os que se destacan o tratamento do espazo máis cercano ao alumnado (a localidade, vilas, aldeas e cidades), así como o goberno do mesmo, modos de participación, a organización do municipio, aspectos sobre a educación vial, as festas e as culturas, as profesións e os sectores de produción, os mapas, os globos terráqueos, o planeta Terra e os seus movementos e a Lúa.

Tamén se tratarán aspectos relativas ás paisaxes de interior e de costa, os cambios de estado e o ciclo da auga, o coidado da auga de do aire, o tempo e os fenómenos atmosféricos. Finalmente, tamén traballaremos o noso pasado, presente e futuro, as partes do día, o calendario, a liña do tempo, os vestixios do pasado e varias persoas moi importantes para chegar o que somos agora como especie.

Trataremos estes aspectos de forma práctica, empregando materiais e recursos e observando o noso propio medio. Tamén traballaremos co libro de texto e con fichas de traballo, potenciando unha aprendizaxe con varias metodoloxías. Tamén serán fundamentais as diferentes experiencias que levemos a cabo.

Mencionar, que se atenderá ás necesidades do alumnado en todo momento.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Imos xuntos!	Trataranse os seguintes aspectos: - A localidade (aldeas, cidades e vilas). - O municipio e a súa organización. - Os servizos municipais. - Educación vial. - As diferentes culturas.	20	30	X		
2	En que traballas?	Trataranse os seguintes aspectos: - Os traballos relacionados coa natureza. - Os traballos en fábricas e obradoiros. - Os traballos relacionados cos servizos. - A transformación de produtos. - A publicidade. - Os medios de comunicación.	16	15	X		
3	Onde estás?	Trataranse os seguintes aspectos: - O plano como elemento para coñecer a nosa contorna. - O mapa, o compás e o globo terráqueo.	16	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Onde estás?	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Terra e os hemisferios.</li> <li>- O sol e os planetas.</li> <li>- Os movementos da Terra.</li> <li>- A noite e a Lúa.</li> </ul>	16	15		X	
4	Gústame esta paisaxe.	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- As paisaxes: naturais e humanizadas.</li> <li>- Paisaxe de montaña.</li> <li>- Paisaxe de costa.</li> <li>- Paisaxe de chaira.</li> <li>- As rochas.</li> <li>- O coidado das paisaxes.</li> </ul>	16	15		X	
5	Gozamos coa auga.	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- A auga e os tres estados.</li> <li>- O ciclo da auga.</li> <li>- As augas do planeta (doces e salgadas).</li> <li>- O aire e o seu coidado.</li> <li>- Os fenómenos atmosféricos.</li> <li>- O tempo meteorolóxico.</li> </ul>	16	15			X
6	Aproveita o teu tempo!	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os cambios ao longo do tempo.</li> <li>- As partes do día.</li> <li>- O calendario.</li> <li>- As liñas do tempo.</li> <li>- Tempos pasados.</li> <li>- Personaxes importantes do pasado.</li> </ul>	16	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Imos xuntos!	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar o concello e as súas funcións e organización, así como os servizos que se ofertan neste.	PE	20
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar pequenas investigacións, xestionando de forma axeitada a información obtida. Terase moi en conta o traballo diario.	TI	80
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Identificar os diferentes tipos de núcleos de poboación. Atención ao traballo diario.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Identificar e respectar a cultura propia, así como as demais. Atención ao traballo diario.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer as principais normas que temos que acatar como peóns, así como as principais sinais para isto. Terase moi en conta o traballo diario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo.</li> <li>- Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura de paz e non violencia.</li> <li>- A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais?</li> <li>- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.</li> <li>- A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	En que traballas?	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Identificar as diferentes profesións (tendo en conta os sectores produtivos) e interiorizar que poden ser desvelvidas por calquera persoa, independentemente do xénero.	PE	20
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Usa as TICs de forma axeitada para a busca de información. Ter en conta os diferentes medios de comunicación, e coñecelos. Terase moi en conta o traballo diario.	TI	80

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Identificar o reparto de tarefas como sociedade, así como os sectores de produción e os tipos de traballo. Terase moi en conta o traballo diario.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Identificar algúns medios de transporte de mercadorías. Atenderase ao traballo diario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Onde estás?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar o planeta Terra e as súas partes e os planetas do sistema solar.	PE	20
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Analizar planos de espazos cercanos. Coñecer o globo terráqueo, o compás e os mapas. Especial atención ao traballo diario.	TI	80
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identificar os movementos que realiza a Terra, así como a Lúa. O planeta Terra e o sistema Solar. Atención ao traballo diario do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e o universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Gústame esta paisaxe.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Identificar as formas de coidar o noso planeta e contorna.	PE	20
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar os tipos de rochas (duras e brandas), as paisaxes influenciadas polo ser humano e as naturais (de montaña, de interior e de costa). Especial atención ao traballo diario do alumnado.	TI	80

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, mellora e uso sustentable dos bens comúns.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Gozamos coa auga.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Prestar interese e coñecer algunhas formas de coidar a auga e o aire do planeta. Coidado do planeta e estilos de vida sustentable.	PE	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Realizar o seguimento diario do tempo atmosférico durante a duración da unidade.	TI	80
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Coñecer o ciclo da auga e dos cambios de estado ( a auga), así como o aire no noso planeta. Especial atención ao traballo diario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Posibilidades de procura guiadas de información seguras en Internet.</li> <li>- Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.</li> <li>- Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Aproveita o teu tempo!	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Aprender cousas do pasado. Atención ao traballo diario.	TI	100
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Coñecer o pasado, presente e futuro, organizar o día, o calendario e a liña do tempo. Especial atención ao traballo diario.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Crearase un pequeno flipbook onde recollan algunhas personalidades do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias.</li> <li>- O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna.</li> <li>- As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.</li> </ul>



## Contidos

- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, co que relacionar contidos de distintas materias e abordar os diferentes elementos transversais.

Empregarei estretaexias de aprendizaxe cooperativa, traballando en grupos ou en gran grupo, para así desenvolver capacidades a través dos roles. Potenciarase tamén a autoavaliación, responsabilidades, etcétera.

Algúns dos contidos tratareinos relacionandoos co PDI do centro, relativo ao deporte.

Todo isto levareino a cabo a través das 6 unidades didácticas. Nelas traballaremos aspectos como os sistema solar, as paisaxes do mundo, a auga, a atmosfera, a localidade, vilas, cidade e servizos, os traballos, así como o paso do tempo.

-Partirei dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

-As miñas explicacións irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais. Será moi útil o encerado dixital.

-Utilizarei unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

-Realizarei prácticas de traballo grupal, favorecendo a inclusión de todo o alumnado mediante resolución conxunta de proxectos e tarefas.

- Tamén se usarán numerosos materiais e recursos, como o globo terráqueo, a brúxula, etc.

- Tamén se fará uso das TIC's, como ordenadores ou o encerado dixital.

- Teranse en conta os coñecementos previos do alumnado.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Usarase unha maqueta ou mapa cos planetas do sistema solar.
Planos con diferentes tipos de núcleos humanos (aldeas, vilas e cidades).
Un globo terráqueo para explicar os movementos de rotación e traslación.
Mapa ou o uso do encerado para o traballo das paisaxes e do relevo.
Material audiovisual para o traballo da costa e as chairas.
Láminas e mapas para o tratamento da auga e do ciclo da mesma. Materiais variados.
Táboa para a recollida de datos sobre o tempo meteorolóxico. Uso do encerado dixital para comprobar o tempo diariamente, ou ordenador.
Láminas con diferentes traballos e sectores.
Uso do medio no que se atopa o centro como recurso.

Material variado, recollido nos recunchos da aula.
Vídeos didáticos.
Encerados.
RECURSOS PERSOAIS: titor, pt, al, orientadora e demais profesorado.
RECURSOS ORGANIZATIVOS: a materia desenvolverase ao longo de 3 sesións semanais, e empregarase como recurso espacial a aula e as dependencias do centro (biblioteca, etc).

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados. Os criterios de selección dos materiais curriculares están supeditados á propia práctica docente.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na avaliación inicial, analizarei en primeiro lugar os informes do alumnado correspondentes ao anterior curso, para comporbar os resultados obtidos nesta área, así como as apreciacións do titor/a. Tamén observarei o expediente de cada alumno para observar de novo os resultados.

Ao comezo do curso, realizarei diferentes actividades e experiencias na aula, nas que o alumnado poida expoñer o que sabe do curso pasado. Para iso, crearei, por exemplo, un concurso de preguntas sobre os contidos a tratar para poder comprobar o punto de partida. A nivel xeral, tamén levarei a cabo unha proba de avaliación inicial, que me foi subministrada pola xefa do departamento de orientación do centro, e coa que poder obter máis datos e complementar máis dita avaliación.

Finalmente, tamén extraerei información, na reunión coas familias que levarei a cabo ao inicio do curso.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	20	20	20	20	0	<b>17</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	80	80	80	80	100	<b>83</b>

#### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas, fichas e experiencias puntuais que neste caso, terán un valor dun 20% en cada

unha das unidades didácticas. A proba irá asociada a un criterio de avaliación, que terá un porcentaxe da nota asociada, e que se pode observar no apartado de avaliación de Unidades Didácticas. Na última unidade non haberá proba escrita.

Táboas de indicadores (80%): por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase. O uso de táboas de indicadores, permitirá avaliar o 80% restante da nota da materia para cada unidade, excepto na última, que será dun 100 %. Neste 80% terá un peso determinante o traballo diario, o caderno de traballo, as tarefas realizadas na unidade así como as intervencións orais, entre outras, relacionadas cos contidos tratados. Estes instrumentos permitirán avaliar os criterios de avaliación fixados para cada unidade, e indicados no apartado 3.3 desta programación.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados. A nota final, obterase tendo en conta as porcentaxes asignadas a cada unidade.

No proceso de avaliación terei en conta o establecido no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, así como na orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve dito decreto.

### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno ou alumna non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.

b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.

c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.

d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.

e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta: o nivel de coñecementos e o esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Nesta programación pretendo atender as individualidades do noso alumnado para desenvolver as súas capacidades. Para atendelas, terei en conta a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro.

Cada alumno e alumna é único presentando diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades, emocións, etcétera. Por este motivo aplicarei todas as medidas ao meu alcance para levar isto a cabo.

En canto ás medidas de atención á diversidade, terei en conta as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Entre as medidas ordinarias, destacar a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Tamén se adecuará a organización da aula e do centro ao alumnado. Estableceranse metodoloxías, como o aprendizaxe cooperativo ou o traballo en gran grupo que promovan a inclusión, e de ser o caso, programas de habilidades sociais, se son necesarias.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Terei en conta os protocolos educativos para atender ao alumnado, de ser necesarios.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas ou mapas conceptuais.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas ou de investigación.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural próximo do centro.

Establecer colaboracións con outras institucións e servizos externos para atender dunha maneira coordinada as necesidades que se presentan. Tamén establecer colaboración coas familias, que poderán proporcionar charlas ou apoias aos seus fillos e fillas no seu proceso de aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes, evitando os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais están relacionados na maioría dos casos coa maioría de todas as unidades. Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas ao entorno do centro (patio).	Debido ao entorno do centro, usarase o patio para observar aspectos do medio máis próximo do alumnado e que están relacionadas coa materia.	X	X	X
Obras teatrais	Nas que tratar de forma transversal as profesións.		X	

### Observacións:

Realizaremos poucas saídas xa que debido á localización do centro, precisamos de bus para poder movernos en todo momento. Pode que xurda algunha saída ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
Instrucións e orientacións para o traballo do alumnado.
Uso de diversos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
Actividades variadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Seguimento (do proceso de E-A).

Medidas de atención á diversidade
Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual e física do meu alumnado.
Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas ao alumnado.
Clima de traballo na aula
Organización da aula (tempo e agrupamentos).
Clima de traballo favorecedor para o respecto e colaboración entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co profesorado do meu grupo e do centro.
Participación na comunidade educativa, nas tarefas que se requeriu.
Colaboración coas familias.

#### **Descrición:**

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, terei en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permitiránme coñecer información axeitada da miña labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

#### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
  - Reunións.
  - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
  - Grao de cumprimento da PD.
  - Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
  - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
  - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

#### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016942	CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36



## 1. Introducción

### INTRODUCCIÓN

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 2º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos).

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.
- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grosa.
- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

CONTEXTUALIZACIÓN.

- Centro: CEIP Santiago de Oliveira (Pontearreas)
- Unidades: 8 (2 en EI e 6 en EP)
- Curso: 2º A
- Nº alumnos/as: 7 (3 nenas e 4 nenos)
- Contorna: rural
- Instalacións: aula usos múltiples, patio cuberto con columnas, patio exterior con pista polideportiva, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (08:45 a 13:45)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

### Descrición:

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que

inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día. O grao de consecución das competencias na área integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con gran influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes. A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes que permiten que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Imos ao cole	Normas, medidas, hixiene e xogos de presentación.	10	5	X		X
2	Xogamos no espazo e seguimos o ritmo	Esquema corporal Desprazamentos, saltos e xiros	25	20	X		
3	Manteño o equilibrio, boto e lanzo	Traballo o equilibrio Utilizo diferentes elementos móbiles e implementos	20	16		X	
4	Xogo en equipo	Uso do aprendido en situacións de xogos introducindo normas e distintos elementos	20	16			X
5	Os Xogos e deportes existiron sempre	Xogos e deportes tradicionais, autóctonos e populares	20	8			X
6	Xogos no patio	Actividades na natureza traballando distintas habilidades e destrezas	5	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Imos ao cole	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de ter unhas metas claras á hora de desenvolver proxectos motores individuais, cooperativos ou colaborativos, valorando a súa consecución tras a análise dos resultados.	TI	100
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respectar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos dun estilo de vida activo.		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar e recoñecer a utilidade dos xogos de activación e volta á calma.		
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de ter unhas metas claras á hora de desenvolver proxectos motores individuais, cooperativos ou colaborativos, valorando a súa consecución tras a análise dos resultados.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respetando a todos os participantes.		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo e actuar dende os parámetros da deportividade.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para acadar os éxitos.		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		
CA5.2 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para acadar os éxitos.		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respetando a todos os participantes.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA6.5 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das mesmas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Alimentación saudable e hidratación.</li> <li>- Educación postural en situacións cotiás.</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como práctica social saudable.</li> <li>- Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.</li> <li>- Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> </ul>

## Contidos

- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Toma de decisións en situacións motrices diversas:
- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.
- Coordinación de accións en situacións cooperativas.
- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.
- Esquema corporal:
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Deporte e perspectiva de xénero: referentes no deporte de distintos xéneros.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e esparexemento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
2	Xogamos no espazo e seguimos o ritmo	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución tras unha análise dos resultados obtidos.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	TI	100
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA3.5 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada ás circunstancias.		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde social:</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.</li> </ul>

## Contidos

- Toma de decisións en situacións motrices diversas:
- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.
- Coordinación de accións en situacións cooperativas.
- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e esparexemento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
3	Manteño o equilibrio, boto e lanzo	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar as súas posibilidades motrices a través do xogo, aplicando en en situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	TI	100
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos da práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando dos seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes.		
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución tras unha análise dos resultados obtidos.		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións producidas no xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	Respetar as normas consensuadas, as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas.</li> </ul>

## Contidos

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, terei en conta os criterios metodolóxicos recollidos no currículo.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. Aproveitarase ao máximo a motivación que esperta esta área no alumnado.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, por parellas e individual.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Uso dunha metodoloxía lúdica.
- Uso de diferentes materiais e recursos. Potenciarase a creación de obras con materiais reciclados.
- Ambiente de traballo que favoreza a intervención do alumnado.
- Atención á diversidade do alumnado, respectando os ritmos e procedementos do alumnado.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Potenciarase a liberdade creativa das obras, establecendo unhas orientacións xerais.
- Uso das TIC's como recursos para o traballo das obras audiovisuais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla Dixital.
Ordenador ou tablets coas que acceder a contidos audiovisuais e visuais.
Pincéis, témperas e acuarelas.
Ceras, rotuladores, lápiz de cores, pegamento e tesoiras.
Bloc de debuxo, cartolinas, papel charol, etc.
Estoxo e tupper.
Arcilla ou pasta de modelar.
Regra e formas xeométricas.
Material reciclado para crear as obras.
Caixas de cartóns e revistas.
Recursos da natureza.
Cámara de fotos e vídeo.

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. Ten espazos diferenciados, incluído un para a impartición desta materia.

Conta cunha pantalla dixital, que permite a observación de obras e a busca de información.

O material empregado está dentro da aula, nunha armario adicado unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Usaranse recursos na contorna para inspirarnos e tamén crearemos obras ou produtos finais para o centro.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo e tupper.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a avaliación inicial, terei en conta a información transmitida polas familias na reunión do principio de curso, así como da información que me foi subministrada pola titora do curso pasado. Tamén se realizarán algunhas actividades nas que poder observar o desempeño do alumnado no ámbito da expresión plástica. Polo tanto, empregarei principalmente a observación directa na aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Para a cualificación desta área, para cada unha das unidades didácticas teranse en conta os criterios de avaliación establecidos neste apartado 3.3 desta programación. Para isto, tamén se terán en conta as porcentaxes asignadas a cada criterio.

Para poder obter a cualificación de cada criterio, cubriránse diferentes instrumentos de avaliación, como poden ser rúbricas ou listas de control. Con todo isto, puntuarase cada criterio e obterase a cualificación total a partires destes. Para isto, usarase como procedemento de avaliación, a observación directa na aula.

Para a avaliación, terase en conta o establecido tanto do Decreto 155/2022 de 15 de setembro, así como na Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o decreto e regula a avaliación.

### Criterios de recuperación:

No caso de que o alumnado non alcance os criterios establecidos, e polo tanto os contidos fixados, terei en conta o seguinte proceso:

- Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nesta programación pretendo atender as individualidades do meu alumnado para desenvolver as súas capacidades. Cada alumno e alumna é único polo que atenderei as súas diferencias para potenciar, neste caso, o desenvolvemento do seu proceso artístico.

En canto ás medidas de atención á diversidade, terei en conta as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Entre as medidas ordinarias, destacar a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Tamén se adecuará a organización da aula e do centro ao alumnado. Estableceranse metodoloxías, como o aprendizaxe cooperativo ou o traballo en gran grupo que promovan a inclusión, e de ser o caso, programas de habilidades sociais, se son necesarias.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias pódense atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Estas aplicaranse de seren necesarias.

Terei en conta os protocolos educativos para atender ao alumnado, de ser necesarios.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas ou mapas conceptuais.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó

medio natural próximo do centro, nos que por exemplo, poderán observar o entorno natural e integralo no proceso creativo.

- Establecer colaboracións con outras institucións e servicios externos para atender dunha maneira coordinada as necesidades que se presentan. Tamén establecer colaboración coas familias, que poderán proporcionar charlas ou apoias aos seus fillos e fillas no seu proceso de aprendizaxe.

- Empregaranse materiais e demais recursos como medio para motivar o alumnado nas aprendizaxes a alcanzar.

- Atenderase ao establecido na orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o decreto 229/2011 de 7 de decembro, no relativo ao tratamento da atención á diversidade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X	
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).		X	
ET.10 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

#### Observacións:

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas ao entorno do centro (patio).	O entorno natural permitiranos obter recursos e inspiración para a creación de obras.	X	X	X
Obras teatrais	Servirannos de inspiración para a creación dunha obra audiovisual (de ser o caso).			X

### Observacións:

Realizaranse poucas saídas, xa que debido á localización do centro, precísase transpote en todos os casos. Haberá algunhas saídas que se poden chegar a celebrar, e que estarán organizadas pola ANPA.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
Instrucións e orientacións para o traballo do alumnado.
Uso de diversos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
Actividades variadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Seguimento (do proceso de E-A).



Medidas de atención á diversidade
Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual e física do meu alumnado.
Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas ao alumnado.
Clima de traballo na aula
Organización da aula (tempo e agrupamentos).
Clima de traballo favorecedor para o respecto e colaboración entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co profesorado do meu grupo e do centro.
Participación na comunidade educativa, nas tarefas que se requeriu.
Colaboración coas familias.

**Descrición:**

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, terei en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permitiranme coñecer información axeitada da miña labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento desta programación realizarase de forma permanente, ao igual que a avaliación. En canto ás propostas de mellora, estas realizaranse a partir dos resultados da avaliación desta programación.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016942	CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
6. Medidas de atención á diversidade	29
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

## 1. Introducción

A programación débese adaptar ás peculiaridades do alumnado, para poder ofrecer a axuda pedagóxica e axustar a intervención educativa á individualidade de cada un e unha. Para a elaboración desta programación, correspondente ao segundo curso da Educación Primaria, terei en conta o establecido no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria.

A finalidade desta programación é facilitar ao alumnado as aprendizaxes necesarias co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Este centro é de liña 1, existindo 1 grupo por nivel na Educación Primaria. En infantil hai 2 clases, xa que 4 e 5 anos están xuntos no mesmo grupo.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no 2º curso da etapa de Educación Primaria, polo que contan con 7 anos de idade aproximadamente.

O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra.

A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques:

-A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

-Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da miña programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Volta ao traballo.	Trataranse os seguintes aspectos: - As festas locais. - O diario. - O eslogan. - O abecedario e a orde alfabética. - O punto e a maiúscula. - Os nomes ou sustantivos comúns e propios.	11	18	X		
2	Temos moito que contar!!!	Trataranse os seguintes aspectos: - Contar anécdotas. - A entrevista. - Lista de cousas. - Frases feitas. - Ca, co, cu, que e qui. - A coma. - Das letras á oración. - As sílabas. - O adxectivo.	11	18	X		
3	Cantamos	Trataranse os seguintes aspectos: - A canción. - A receita. -Linguaxe poético. - A invitación. - As familias de palabras. - -mp- e -mb-	11	17	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Cantamos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Palabras rematadas en -d e -z.</li> <li>- Singular e plural.</li> <li>- O artigo.</li> </ul>	11	17	X		
4	O novo ano.	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Falamos das vacacións.</li> <li>- O texto teatral.</li> <li>- A biografía.</li> <li>- Sinónimos.</li> <li>- Palabras polisémicas.</li> <li>- b e v</li> <li>- Nomes individuais e colectivos.</li> <li>- Os pronomes.</li> </ul>	11	14		X	
5	A nosa vila.	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Describir un plano.</li> <li>- Cancións tradicionais.</li> <li>- O texto argumentativo.</li> <li>- Os antónimos.</li> <li>- r e rr.</li> <li>- Os indefinidos.</li> </ul>	11	14		X	
6	Por qué preguntas tanto?	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- A enquisa.</li> <li>- Os relatos.</li> <li>- A noticia.</li> <li>- As onomatopeias.</li> <li>- O guión.</li> <li>- ga, go, gu, gue, gui, güe, güi.</li> <li>- Os determinantes demostrativos.</li> </ul>	11	14		X	
7	Escoitamos.	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Programa de radio.</li> <li>- O texto poético.</li> <li>- Describir unha paisaxe.</li> <li>- O cartel.</li> <li>- Diminutivos e aumentativos.</li> <li>- Exclamación e interrogación.</li> <li>- za, zo, zu, ce, ci.</li> <li>- Os posesivos e numerais.</li> <li>- Adverbios.</li> </ul>	11	15			X
8	Buscando o tesouro perdido.	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- O blog.</li> <li>- Texto instructivo.</li> <li>- As instrucións.</li> <li>- Campo semántico.</li> <li>- Palabras con h.</li> <li>- hai, ahí e aí.</li> <li>- porque e por qué.</li> <li>- O verbo.</li> <li>- Suxeito e predicado.</li> </ul>	11	15			X
9	Chegando ao verán.	Trataranse os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que faremos en vacións.</li> <li>- O cómic.</li> <li>- A reseña.</li> <li>- Palabras compostas.</li> <li>- "je", "ji", ge, gi</li> <li>- O verbo: pasado, presente e futuro.</li> </ul>	12	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Volta ao traballo.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Poñer as maiúsculas e os puntos nun texto dado, comprendendo a aplicación das mesmas.	PE	20
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario relativo aos nomes comúns e propios.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Rexeitar os usos discriminatorios da lingua.	TI	80
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Adquirir vocabulario en relación ao abecedario. Especial atención ao traballo diario.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprender lecturas relativos ás festas locais. Atención ao traballo diario.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir un slogan e un cartel de forma axeitada, Especial atención ao traballo diario.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Uso de forma responsable a biblioteca de centro e de aula.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir un pequeno diario da finde semana. Empregar de forma axeitada os puntos e maiúsculas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.
- A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Temos moito que contar!!!	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Identificar oracións e contruillas de forma axeitada, respectando a separación de palabras.	PE	20
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario sobre palabras con ca, co, cu e que, qui.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Interesarse polas diferentes linguas. Aplicalo á hora de contar anécdotas.	TI	80
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Uso dunha linguaxe respectuosa. Aplicalo á hora de contar unha anécdota.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Ampliar o vocabulario, separando este en sílabas.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identificar o contido das anécdotas contadas.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir e completar unha entrevista feita por algún compañeiro ou compañeira. Uso axeitado das comas. Especial atención ao traballo diario.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Respectar as normas da biblioteca. Especial atención ao traballo diario.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar usos lingüísticos discriminatorios.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler de forma axeitada varias frases feitas, identificando o seu contido. Atención ao traballo diario.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identificar a biblioteca de aula e de centro como lugar de actividades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Producir listas variadas sobre elementos cotidiáns e adxectivos. Atención ao traballo diario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.</li> <li>- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.</li> <li>- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Consolidación do sistema de lectoescritura.</li> <li>- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.</li> <li>- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.</li> <li>- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.</li> <li>- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.</li> <li>- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.</li> <li>- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,</li> <li>- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Cantamos	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Identificar palabras traballadas con d e z, así como con mb e mp. Identificar algunhas familias de palabras.	PE	20
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Recoñecer e analizar cancións adaptadas a súa idade.	TI	80
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Uso dunha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Adquirir vocabulario que leve a mp e mb, así como a d e z. Especial atención ao traballo diario.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en interaccións orais de forma axeitada, que xurdan sobre temas tratados na aula.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Leer de maneira axeitada textos poéticos e analízalos. Especial atención ao traballo diario.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir una receita de forma axeitada. Especial atención ao traballo diario.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Usar de forma axeitada a biblioteca de aula e de centro.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Usar de forma axeitada a biblioteca de aula e de centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identificar a bibliotecas como lugar de actividades.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Escoitar como se elabora e crear unaha invitación ou postal de nadal.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario relativo ás familias de palabras, o singular e plural, así como os artigos que acompañan as palabras. Especial atención ao traballo diario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Estratexias para a coherencia textual.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.</li> <li>- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as</li> </ul>

## Contidos

- súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
4	O novo ano.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Identificar os pronomes, así como os nomes individuais e coletivos traballados.	PE	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa ao falar das vacacións.	TI	80
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Adquirir vocabulario en relación aos nomes individuais e colectivos, así como os sinónimos. Palabras con v e b. Especial atención ao traballo diario.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Escoitar ao resto de compañeiros e compañeiras, o resumo das vacacións.		
CA3.7 - Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir de forma guiada e sinxela unha biografía. Especial atención ao traballo diario.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Usar e respectar as normas da biblioteca de aula e de centro.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Leer e analizar textos teatrais. Especial atención ao traballo diario.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Leer e analizar textos teatrais. Especial atención ao traballo diario.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal.	Leer, analizar e apreciar textos teatrais. Especial atención ao traballo diario.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades.		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Crear unha biografía. Especial atención ao traballo diario.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Manexar de forma axeitada os pronomes. Tamén identificalos. Especial atención ao traballo diario.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario relacionado coas palabras polisémicas. Especial atención ao traballo diario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> </ul>

## Contidos

- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: comprensión oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Procesos: comprensión lectora
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.



UD	Título da UD	Duración
5	A nosa vila.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Empregar de forma axeitada o r e rr. Describir un plano ou responder preguntas sobre un.	PE	20
No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais e iquí numerados trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos, e tamén a través das diferentes conmemoracións como por exemplo no Día da Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico de Nadal.	Concerto de música tradicional (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado para todas as familias).			
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado).			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqúí recollidas.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.  
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016942	CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

Esta programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso de Educación Primaria, desenvólvese e elabórase tendo en conta o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta o currículo anteriormente mencionado, co obxectivo de potenciar o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o contexto do centro. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado nunha zona rural, onde temos acceso a un entorno privilexiado para o estudo do noso medio natural. Tamén é fundamental o ambiente familiar existente.

O grupo de 2º curso de Educación Primaria, está composto por 7 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre 6 e 7 anos. Polo tanto, esta idade será tida en conta para adaptar o proxecto a relatar a dita idade.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

Neste apartado recóllense as competencias clave a traballar, así como os obxectivos da Educación Primaria, que están relacionados con cada unha destas competencias. Como se pode observar, traballaranse de forma directa os 3 primeiros obxectivos.



### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Planificamos!!	De forma grupal, buscaremos información sobre a costura e diferentes técnicas. Tamén o alumnado investigará sobre diferentes formas de coser. Tamén deberán deseñar o produto a crear, establecendo unha organización temporal e pensando en diferentes problemas que poden ir xurdindo.	30	13	X		
2	A coser!!	Unha vez teñamos o produto a crear e o deseño, pararemos a súa creación. Esta unidade estará destinada á creación do produto.	40	12		X	
3	Xa o temos!!	Acabaremos de coser o produto final, e cada neno e nena presentará o produto ao resto de compañeiros e compañeiras.	30	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Planificamos!!	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a actividade da costura, así como a súa importancia.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e seleccionar os recursos necesarios para a creación do produto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Seleccionar información necesaria para desenvolver o proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Establecer a temporalización para o desenvolvemento do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Pensar en posibles problemas que podamos chegar a ter.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A coser!!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar os pasos establecidos para a creación do produto.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos adquiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados acadados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Xa o temos!!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os produtos ou produto creado aos seus compañeiros e compañeiras.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Usar unha linguaxe verbal axeitada en relación coa corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha axeitada linguaxe corporal.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo un proxecto relacionado coa costura.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será en gran grupo, pero tamén haberá aspectos a desenvolver de forma individual. Empregaranse recursos como as TIC, que serán fundamentais para a busca de información e así poder desenvolver o proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto a realizar, e dicir, a creación dun ou varios produtos mediante a costura. Neste caso, investigaranse sobre varios aspectos relacionados coa costura, como poden ser:

- Tipos de costura.
- Técnicas variadas para a costura.
- Materiais téxtiles.
- Características do produto ou produtos a crear.

Tamén se creará un plan de traballo, concretando as tarefas a realizar, os tempos necesarios, recursos e materiais que se van empregar, así como posibles problemas que nos poidan aparecer.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, comezaremos a crear o produto principal, que neste caso, será unha bolsa. Deberán crear o deseño e a decoración da mesma.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará o seus resultados da costura. Farán unha pequena descrición do proceso e explicarán as súas sensacións e experiencia. Poderán apoiarse no encerado dixital para abordar as explicacións.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. Tamén poderán ensinar os seus traballos ao resto dos cursos.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Matemáticas, á hora de tomar medidas.
- Ciencias Naturais, ao coñecer a procedencia das teas a usar.
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Ciencias Sociais, ao pescudar sobre técnicas tradicionais.
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto).
- Música e Danza (buscas de información en rede).

Potenciarase a individualización e partírase dos coñecementos previos do alumnado, para abordar o desenvolvemento do proxecto.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Caderno de debuxo.
Caderno de traballo de pauta montessori.
Lápis, rotuladores e ceras.
Materiais téxtiles, como teas e fío.

Instrumentos varios de costura, como tixeiras e máquina de coser.
Pinturas aptas para teas e para nenos e nenas.
Ordenador e encerado dixital, para a busca de información e deseños.
Instrumentos de medida, como cinta de costura ou regra.

O espazo no cal se vai a desenvolver o proxecto, será principalmente a aula habitual, máis a aula de polos creativos do noso centro, na que se levarán a cabo os procesos de costura. Na aula de polos creativos, contamos con material de costura, teas, fíos, máquina de coser e demais ferramenta. Tamén contamos con encerado dixital, o que nos permitirá seguir de forma axeitada o deseño establecido. Na aula habitual, tamén contamos con encerado dixital e ordenadores, para a busca de información e deseño.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para o proceso de avaliación inicial, tratarase na assemblea o tema dos proxectos. Crearase unha choiva de ideas para que o alumnado poida determinar de que se trata ou que características pode ou debe ter. Isto permitirame coñecer que sabe o alumnado sobre este tema, así como o da costura.

Tamén se realizará ao comezo do curso, unha proba porporcionada polo departamento de Orientación, encamiñada a analizar o nivel comptencial do alumnado, centrándose na competencia matemática e lingüística, e deste xeito establecer e adaptar o proceso de ensino e aprendizaxe ao alumnado. Finalmente, tamén terá tida en conta, a información subministrada tanto pola titora do curso pasado, como pola transmitida polas familias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

En canto aos criterios de avaliación, destacar os seguintes, ao longo das diferentes avaliacións:

- Primeira Avaliación: a cualificación obterase cubrindo 1 ou varias rúbricas nos que se recollan os criterios de avaliación referentes á unidade a desenvolver neste trimestre, e indicados no punto 3.3. Disto dependerá o 100% da nota. Terase en conta a información recollida e a planificación do proxecto.

- Segunda Avaliación: a cualificación obterase cubrindo 1 ou varias rúbricas nos que se recollan os criterios de avaliación referentes á unidade a desenvolver neste trimestre, e indicados no punto 3.3. Disto dependerá o 100% da nota. Terase en conta o desenvolvemento do proceso establecido na planificación, é dicir, a elaboración do produto principal.

- Terceira Avaliación: a cualificación obterase cubrindo 1 ou varias rúbricas nos que se recollan os criterios de avaliación referentes á unidade a desenvolver neste trimestre, e indicados no punto 3.3. Disto dependerá o 100% da nota. Terase en conta a presentación e exposición do proxecto, usando recursos como as TIC's.

Como instrumentos de avaliación empregaranse rúbricas, listas de control ou escalas de observación, para poder avaliar os criterios establecidos en cada unha das unidades didácticas.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Para a avaliación, terase en conta en todo momento o establecido no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, así como na orde do 26 de maio de 2023, que desenvolve dito decreto.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere no desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Nesta programación pretendo atender ás necesidades do alumnado co obxectivo de favorecer o desenvolvemento das súas capacidades. Cada alumno e alumna é único manifestando a través de diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades, emocións, etcétera. Por iso aplicarei todas as medidas necesarias para levar isto a cabo.

Para atender a diversidade deste grupo de 2º curso de Educación Primaria, terase en conta a orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, de 7 de decembro.

En canto ás medidas de atención á diversidade que terei en conta á hora de levar a cabo esta programación, destacan por un lado as ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Todas estas, de chegar a ser necesarias.

Entre as medidas ordinarias, destacar a adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Tamén se adecuará a organización da aula e do centro ao alumnado. Estableceranse metodoloxías, como o aprendizaxe cooperativo que promovan a inclusión, e de ser o caso, programas de habilidades sociais, se son necesarias.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias que se poderán levar a cabo, destacan: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Terei en conta os protocolos educativos para atender ao noso alumnado, que foron publicados pola xunta.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas de organizacións, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións e servizos externos para atender dunha maneira coordinada as necesidades que se presentan. Por último, a planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X		X
ET.2 - Comunicación audiovisual.			X
ET.3 - Expresión oral e escrita.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes, evitando os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).		X	
ET.10 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

### Observacións:

Os elementos transversais están relacionados na maioría dos casos coa maioría de todas as unidades.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas ao entorno do centro (patio).	Poderán observar o entorno para inspirarse á hora de deseñar o produto de costura.	X	X	X
Obras teatrais	Serviralles para ver os traballos dos vestidos, en relación ás teas.		X	
Saída a Pontevedra.	Serviranos como fonte de inspiración para o proxecto.	X		

### Observacións:

Non se realizarán moitas saídas, debido a que á localización do centro, precísase transporte en todo momento. Pode que xurdan algunhas ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
Instrucións e orientacións para o traballo do alumnado.
Uso de diversos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Motivación inicial do alumnado mantendo o seu interese.
Actividades variadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Seguimento (do proceso de E-A).
Medidas de atención á diversidade
Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual e física do meu alumnado.
Presentación axeitada e motivadora dos conceptos.
Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas ao alumnado.

Clima de traballo na aula
Organización da aula (tempo e agrupamentos).
Clima de traballo favorecedor para o respecto e colaboración entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co profesorado do meu grupo e do centro.
Participación na comunidade educativa, nas tarefas que se requeriu.
Colaboración coas familias.

**Descrición:**

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, terei en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permitiranme coñecer información axeitada da miña labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación desta área seguirase e avaliarase de forma constante e permanente. As propostas de mellora proporanse cando sexa necesario, ou se detecte algún aspecto mellorable.

**9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016942	CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 2º de E. Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos.

Marco da Normativa estatal no que se engloba

. Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de decembro, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

. Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

. Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

Marco da Normativa Autonómica

. Currículo de Educación Infantil (Decreto 150/2022, do 8 de setembro; DOG do 09/09/2022)

. Currículo de Educación Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022)

. Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

. Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Currículo de Relixión Católica

. Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumna.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria.

O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaginar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do

Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escoítaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Novo curso, novos descubrimentos!	<p>Coido a miña casa (son feliz coa miña familia) e a casa común (coido e melloro a natureza e a todos os seres vivos que me rodean )</p> <p>Relato: A Creación. Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea</p> <p>Álbum de Personaxes: Adán e Eva</p> <p>Coido as persoas e melloro o mundo.</p> <p>Plantamos un bulbo no xardín da escola que coidaremos todas as semanas, e traballamos as emocións dos demais e as nosas propias, en asemblea.</p>	14	5	X		
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	<p>Deus quérenos seus amigos. Cantos personaxes na Biblia, que son amigos de Deus, e porque.</p> <p>Como se comunicou Deus cos seus amigos: Relatos de Moisés, Samuel e Elías (álbum de personaxes)</p> <p>Onde atopamos historias de Deus e os seus amigos: a Biblia, como libro sagrado para os cristiáns na Igrexa. Traballamos coa tablet, por grupos.</p> <p>A Biblia como fonte de inspiración artística: ¿El profeta Elías y el ángel¿. Óleo sobre lenzo. 1668. Pintamos entre todos o noso</p>	16	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	propio cadro. Traballamos o autoconceito e responsabilidade de cada un de nós cara os demais	16	5	X		
3	Un grande agasallo: Xesús!	O CALENDARIO LITÚRXICO. Tempo de Advento e Nadal. Elaboramos unha coroa de Advento na aula A impotancia do Si de María á mensaxe de Deus! Aniversario de Xesús, nosa identidade como cultura. Significado para os cristiáns. Aprender a saber esperar. Relato de Nadal. Álbum de Personaxes: Sagrada Familia, Anxo e Pastores. O tempo de Nadal como fonte de inspiración artística: elaboración de manualidades propias destas datas como un mural colaborativo na aula dunha árbore de Nadal con bos desexos, e tarxeta de felicitación ás familias Valoramos como con Xesús ninguén se sinte excluído no marco do Nacemento	15	5	X		
4	Amor con V en maiúscula!	Introcución aos sacramentos: O bautismo de Xesús. Mandamento do Amor. O grande agasallo que nos fai o noso Pai, Deus, co seu Fillo: Xesús e o seu mandamento Descubrimos con que palabras Xesús nos transmitiu o seu Amor e construímos entre todos un grande quebracabezas con forma de corazón que enchemos con palabras de accións que transmitan ledicia e mimen o noso corazón Álbum de Personaxes: Os tres Magos de Oriente Relato Bíblico e interpretación na aula: O bo samaritano A responsabilidade de todos para con todos	14	5		X	
5	Desde a madeira da túa Cruz!	O CALENDARIO LITÚRXICO. Tempo de Coresma, Semana Santa e Pascua. A cruz, a entrega mais grande de Amor, de gratuidade. A gratitude polas boas accións dos demais. Aprendemos a escoitar e a escoitarnos (o noso interior), facemos un pequeno retiro cara o noso interior guiados pola mestra/e, sentíndonos ao pé da Cruz de Xesús. Álbum de Personaxes: Xesús. O Perdón e a súa importancia nas nosas vidas. A paixón de Xesús repasámola cun xogo de Kahoot. Relatos bíblicos de perdón, coma por exemplo ¿o fillo pródigo?. Interpretamos na aula os distintos papeis dos personaxes.	15	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Desde a madeira da túa Cruz!	Traballamos a resolución pacífica de conflitos, con exemplos, como facía Xesús coas parábolas. Manualidade de Semana Santa ou/e de Pascua. Significado dos ovos de Pascua	15	5		X	
6	Contigo, que grande equipo!	Personaxes bíblicos que promoven a vida en comunidade: Os apóstolos. A igrexa. Grupo de pertenza con Xesús. Compartimos xuntos tempo de calidade, celebrando a lectura dun relato bíblico de xeito especial: relacionado cos comezos dos apóstolos ou da Igrexa. Taboleiro co scornabot e xoutros xogos, por equipos. Álbum de Personaxes: Os 12 apóstolos de Xesús Atención especial aos que mais sofren	14	6			X
7	Celebramos xuntos!	Os templos e as festas mais importantes da nosa contorna. Unha forma de comunicación e transmisión de cultura. Manifestacións tradicionais e culturais da zona: advocacións á María, patrón/patroa... Celebramos o inicio da pronta chegada do tempo de vacacións xuntos celebrando coa lectura dun relato bíblico de xeito especial: sobre como vivían os primeiros cristiáns. Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea, se procede. Corto: o valor de compartir. Álbum de Personaxes: Os pais de Xesús María e Xosé; e os seus avós: Xoaquín e Ana, os pais de María Repaso de fin de curso ao tempo que preparamos a nosa carpeta de traballos, se temos.	12	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Novo curso, novos descubrimentos!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús	TI	100
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado dos seus compañeiros/as de clase en diversas situacións É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colabora cos demais, se é preciso Respecta o coidado e limpeza no patio durante o recreo e nos momentos de entrada e saída do centro educativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.</li> <li>- Gratidade cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respecto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a amizade.	TI	100



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubriendo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Trata a Biblia como libro sagrado que é con respecto e cariño Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
